


15-4-27

Núm. 40

nóis



CASTILLO



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO
Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Almas Viaxeiras, por Eladio Rodríguez González.

Beethoven, por R. Otero Pedrayo.

Os europeos en Abrantes, por Vicente Risco.

Papeletas pra un inventario das mámoas galegas, por F. L. Cuevillas.

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Os homes, os feitos as verbas, pol-a Redacción.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO -- Ourense

VICENTE RISCO

ABOGADO

Sto. Domingo, 47-2.º OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Año IX

Ourense 15 Abril 1927



Núm. 40

ALMAS VIAXEIRAS

Dend'os camiños do mundo,
que sempre van car'a algures,
séntense os voos das almas
que saben chegar ós cumes.
Son as almas que se queiman
no fogo das inquedumes;
son as eternas viaxeiras
dos desacougos, que fuxen
das lameiras d'acá embaixo
i-as rexiós sereas ruben,
buscando as novas auroras
ond'están as novas luces.
Un santo romanticismo
lles dá empuxe,
e un amor de humanidade
fainas camiñar pr'algures.
Non lle cortédel-as aas;
deixádeas ir car'as nubes
hastra que en augas lumiosas
de redención se batuxen,
pra que a lus dos novos tempos
baixe â terra e nos alume.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

B E E T H O V E N (1)

Un sigro dend'a sua morte. ¿Non será sacri-lexio falar d'il, teimando estabrecer xenaloxias espirituales, tratamentos de interpretación, análises do home, do tempo e da obra c-o aparato de citas, relacións, premisas e consecuencias n-ista hora de recollimento adicada á lembranza sinxela? ¿Quén é d-abondo forte, pra disecar o despertar da súa propia y-alma? Pois un medo semellante énchenos diante o nome armoñoso, garimoso e purificador de Beethoven. Coido que poderíase evocar, sómementes, falando d-il baixiño, en *modo menor*, coma falamos con nosco nos raros instantiños celbes, d'interna cordialidade, apenas, con verbas, franqueando, lonxe de método e sistema, unha maina vibración das inmorredoiras lembranzas i-espranzas que fan a fidalguía do espírito.

Beethoven mozo saíndo da frouma inda gótica de Bonn pr'alancar pol-os carreiros do Wald, pol-os cotos graciosos, sorridentes na curta primavera xermánica, graves e conselleiros no *adagio* solene dos outonos. Agromar do mayo nos bosques boreales; espertan tropas d'inseutos frolescendo e enrugada curtiça dos carballos; un lameiriño apenas pisado pol-as rondas das fadas, verdecente no acougo das rocas hercynianas, vellas, carregadas de humanidade, mais saudosas qu'as agullas destemidas dos Alpes. Os Alpes son novos, xeolóxicamente. Non tén nada d'estrano que Chateaubriand, ó rubil-os sorprendérase doorosamente por non s'atopar mais outo e mais puro no xiado imperio dos neveiros. Simpre ascensión material. En troques, as penedías da Armórica tiñan vos, pro autor de *Atala*. A paisaxe do mozo Beethoven foi tamén a de Goethe, a dos estudantes dibuxados por Clodwiesky no «Hermann und Dorothea»: camiña aberta, caxato de pelingriño, a despelteada carbaleira ó vento. A paisaxe de Wagner e de Turgueneff. Hasira o lonxano Dostoiéwsky sentiu o que soupo da Europa baixo os abalos da

Renania. Beethoven levaba un grande chapeo, d'azas vagarosas de noite, no tempo das pelucas rituales e dos sombreiros de tres cornos. Mais librenos Dios de comparal-o con Rousseau e moito menos con Pestalozzi. Debruzábase pra ollar de preliño, maravillado, ó xurdir homilde d'un mollo de corolas pratenses, sin pensar crasificalas. Escoltaba o himno das augas e dos bosques, crecedeiro na noitiña i-arripiábase a esgrevia curtiza mortal do home sentindo xurdir dentro de sí aqil outro himno cósmico da y-alma, terrible e garimoso, saudoso e desesperado. Tería vos e verba pra decilo, pra librase d'il? ¿Atoparía a posibre resoancia? Namentras, bruaba a treboada i-a chuvia decorría sobre do mozo. Ben lonxe estaba do salón e da *bonne compagnie* e do xardín de buxos «Le Nôire» enmarcado na dourada flestra de Versailles.

Molta tradiceón musical, tudal-as armunías góticas no senso grande da verba (Pintores flamencos e xermánecos, enir'eles; táboas místicas; o Cristo de Grünewald; os craustros cantores; aquilas pinturas de Dürer; a fina fror da catedral no ceo neboento; a alquitara teolóxica, ou millor o aer d'alborescer vibradotro dos cadríños de Sta. Ursula por Memling, en Bruxas). Tudo se fai música no norte cando non sopra o vento mediterráneo ou a tribu pastoral volvese «estado» ó xeito de Berlín. Pois Beethoven adeprendendo a música foi igual que Pascal ou Leonardo recreiando a Xeometría. Unha lingoe pra decirlle ós mais un pouco dos Seis Días que levaba na yalma. Haydu fixo a sinfonía da Creazón: púñase de Cintallos, catzón, espada dourada, casaca cereixa cos reloxes en punto e rubia ó *ben te* vexo d'un pazo austriaco pra escoitar, en traxe de corte, o pasar da tronada. Beethoven deixaba chover por sí.

Grande testa penedosa coma un monte; ó lonxe esgrevio e griseiro; de preto arrecendente a esenciais mais finas qu'as do xardín agarimado no val. As mulleres d'entón non-o comprenderon pois non gostaban da beleza

(1) Este traballo leuse no Seminario d'Estudos Galegos, na velada en que se celebrou o Centenario Beethoven.

das montañas: sua alma espaxada pel-a pélsensitiva adormecía nos camarís de roseiras, soñaba no clavicordio de Mozart. Con tudo non foi tan dura a fortuna amorosa de Beethoven: amou a unha muller que ás veces xurde no arco divino das cexas, na lampada do ollar, na lus da fronte, no xesto heróico e resinado. Soupo erguelas a unha esfera mais cristiãña. I-unha vegada conqueriu un insospeltado triunfo: improvisando o piano, a unha nai, es-queuceu, un anaqüño, o fillo morto pol-a eisaltazón miragrosa da door.

Cavillando na sinxela máxia Beethoveniana pénsase que Deus, en troques de criar unha y-alma humán, botou á terra a esencia d'un anxó. I-é ben doado comprender com'a natureza do corpo adquiriu unha fatura violenta, feia, temerosa, pois estaba desacougada pol-o que levaba dentro, i-os ollos, i-o andar, i-as terribres funcións vitales nubrábanse de asombro e pasmo. O grande espírito de X. S. Bach, por ex., foi o d'un tempo enteiro, vasto com'a selva (do Irminsul), mais Beethoven era dono d'unha forma total do mundo n-unha intuición por riba da mecánica da causa e do efecto. Pol-o seu tempo Kant, traballaba a ferramenta do intelecto. Inda que xuntara os compatriceos pra s'enganar comendo salchichas e trasfegando cerveza, Kant estaba triste: non domitaba a sua linguaxe, non ollaba craro. Todos, mais ou menos, cruzamos por ista zona de firente desacougo - Beethoven, non -. Sua door é outra. Mais tén a millor porción de nós, i-enténdemol-o todos a condiceón de ser ceibes n-il, i-o m'is desleigado posibre do corpo.

Os demais artistas pódense crasificar d'un xeito relativamente satisfactorio (¿Verdade que a verba *artista*, soa a pouquiño, apricada a Beethoven?) Inicianse as sinfonías, as sonatas, *quatuors* e deseguida fala de nosoutros cousas hasta entón escondidas, memorias chegadas non acertamos d'onde. Leticia da levitaceón. Un desespero. Pra il cicais n-houbera sofrimentos á maneira nosa. Coma tampouco establecía comparaceós, nin plutarquizaba cando finaba horas enteiras pr'as xaulas dos leons na *menagerie* de Viena.

Tiña que ser a música, non outra arte a que

escolmaba. Ca pedra, cas coores, inda ca verba, prestaría desmaziado corpo o nasclimento dos temas i-a mais o peso d'unha maldizón: a do tempo. A música é a menos temporal das artes. I-en ninguén navega tan por riba do tempo coma en Beethoven. N-outra arte envellecía a materia sempre precisa, i-os ollos admirativos pousarian unha magoa da vexetaceón de orcelos, estautas, cadros, gardan ondas do tempo. Hasira os poemas comenzan d'envellecer cando s'esquirben; hai que decramalos pra sentilos mozos. En troques o sabio hermetismo da esqurtura garda na música a idea ceibe. Beethoven foi trazando sua obra en serie natural; parés que lle costou traballo; que foi o vivir i-a intuición de tudol-os seus días que o pensamento ibaas deixando atrás sen apenas se lembrare do esqurto.

Pra ser ceibe non quixo imaxes nin coores que cingiran ao mundo da estenseón. En Bach cúrvase a aboreda sombriza, síntese o coral de homes e mulleres. Mozart pódese traducir (pol-o menos hai dereito pra pensalo), en literatura: hai xente, salós, xardís. Os heróis de Wagner son carne e paixón, destino e feilizo, determinados, de certo tempo e lugar: n-outro falarían de xeito difrente; n-hai voluptade semellante a do «Tristán e Isolda»; os temas van criando paisaxes d'almas, d'augas, d'arboredos e rocas. Beethoven: tudol-os paisaxes, tudol-os momentos e ningún particular. Soito, cicais, a paisaxe i-o folk-lore da Pastoral que pol-o seu esquematismo apenas pertence á montana i-ós pastores. Fuxia, ou millor teimaba, a discriaceón. E sentímolo, en certos momentos nosos, heróicos, patéticos, pastorales, pra chamarlles d'algún modo.

Pra que millor criara seu modo Dios volveuno xordo. Sofriu o principio; logo xa non. Foi unha a debilidade da carne. Sentíuse, mais seu vendo nascerlle a armuñia, e gozando n-ela dinantes de qu'adquirira corpo traducibre. ¿Pra qué ouvir e donar pasto á tentaceón? Por ser o criador ceibamente espíritoal apenas fixo teatro. Sinxeliño; Fidelio, Egmon, Leonora (co menor número de sufínos na hestórea). Tudo o tempo adicou ás arelas outas das y-almas, que son espaciadas en nós, e n-el foron chama sempre ergueita.

A sua vida intresa pouco. A il tampouco lle

intresaba. Esquirbía liñas simpres, coma calquer. «Quixera ter a facilidade de ser dono de unha chupa de pél de coello tecida por vosté» esquirbía a unha venerable amiga, un inverno frío. Viviu fastidiado dos diletantis i-ademiradores. ¿Que lles dicía? ¿Non lles tiña dito? A sua door mais humán sería ollarse ouxelo de pelerinaxe. En troques descía, e descenderá sempre alí onde se xuntan puros artistas, lonxe de exegesis i-estéticas.

Ausolula nobreza, total altura, fora da escola e do tempo. Os mestres fanse nenos chegando a il. Pois é il, sementes; Beethoven. Con nosco si conquerimos a suficiente gracia pra rescibilo. Por il foi o Romanticismo a verba suprema de todal-as arelas, de tudol-os istantes celbes da hestorea. Si por acaso traballaba n-il unha lembranza de Homero por ex. non era o Homero da cátedra e do código, o ídolo de Boileau ou de Hermosilla: era a curva arelante de misierito afundindo suas ramas no infindo, trazada n-un grego sinxelo e lanzal.

Equivalencias pra espricare Beethoven a lei moral, a saudade salvadora, o ceo estrelecido, o paraíso perdido e desexado.

Lembremos un concerto. A xente vai do café, do traballo, da lixante tentación da rúa. No programa estilan sua sinificaceón os nomes prefixiosos. Dos coñecidos calculamos a órbita da nosa Emoceón. Beethoven agarla, sempre novo, Pasa Weber; lúas do norte, danzas dos elfos, marcha na selva rechouchante de divindás. Ven Sirasus: sabiduría, endiceón, cencia fina de sensibilidade intelixente; o vello mito sabiamente escoliado coma nas erudiciós crítecas. Impera Bach: sólp por sobr'a villa oxival, ardentes teoloxías, auga-fortes, un grande evanxalista, un San Mateo musical. Os rusos: a feira de Nijni-Norgorod: as cruces xenmadas estralan sobr'os tapices bárbaros tecidos na esteira. Un berro. Sempre o ritmo do sangue i-os ollos descubriñdo mundo ó compás da música. Chega Beethoven: desaparecen da sala a literatura, a hestorea, a erudiceón, o folk-lora. Si sempre fóramos así coma ó che-

garnos dinamente a Beethoven, sería noso premo un vivir inmorredoiro. Saímos mozos, é dicir libertados do tempo e do espazo, con o comenzo do tempo.

Pouco importan os detalles da vida. Din que morreu coberto de miseria. Xa estaba morto facía, lonxe do mundo. Eiquí fracasan as espricaceós, o médeo ambiente, etc. En Beethoven hai moitos cadalsos; e non conta a marcha ó cadalso coma fixo Berlioz romántico literario. Hai infindas danzas, tudol-as peisaxes soñadas, tudol-os temas dos pobos sin habere ningún. Por iso se di: isto sona a balada, a muiñeira, a Tyrol, a canto d'eirexa. Sona a tudo posto á outura do supremo amor. Coido qu'é a soila múseca que se poidera executar na friaxe polar, baixo as estrelas. Trai da man a y-alma mais cerca de nós.

Grande door purificante, lonxe da sátira, da vinganza. Coidou ollar un héroe; era seilo un rei e fixo a marcha fúnebre mais sen xenreira: un xénero de trunfo, unha elevazón. ¿Qué l'importaba o demais?

Ista nobreza presta un feitizo a tudol-os libros onde se cita o seu nome. Detense a lectura, esquécense a novela ou a hestorea pra deixar un espazo ó celbe vagar maxinalivo. Nas memorias de Tolstoi neno hai unha lembranza de Beethoven, non é nada; abonda pra trasfigurare a páxina ¿Qué será lus deita sobr'as loitas i-arelas alromentadas das grandes Memorias de Wagner! ó citalo deitense o balbordo do sigro XIX. N-un libro de Baroja (non lembro en cal), os emigrados chegan a Basilea: loitas, cos piratas, noxentas faces reais. Mais n-un salón Beethoven déixase ouvir no piano-forte i-hai un ritmo sobrano i-una elevaceón.

É ben gostoso falar d'il mais coido qu'iste homaxe debe sere millor, calado, recollido. Escoltar devotamente sua obra, teimando fagernos un pouquiño millor qu'onte.

R. OTERO



OS EUROPEOS EN ABRANTES

(Proseguimento)

VII

REGRAMENTO DA COLONIA DE VACACIÓ DO ATENEO DE ORIA

Artículo 1.º A Colonia de Vacaciós do Ateneo Centífeco de Oria ten por fin a educación física, intelectual e moral dos Señores Socios qu'a compoñen; a primeira por meio do mayor aproveitamento do oxíxeno do ar pr'a función respiratoria, permitindo unha millor e mais completa oxidación do sangue, e unha meirande riqueza d'ela en óxido de ferro; dos beneficiosos efectos dos raios solares no organismo, ben sexa pol-a súa acción tónica e estimulante sobr'o torrente circulatorio, ben pol-a activación da secreción das glándulas sudoríparas, permitindo a eliminación das toxinas qu'infeutan a economía; do moderado exercicio ximástico regulador das funcións orgánicas, e mais da acción sedante da cooración verdecente da campia sobr'o sistema sensorial e nervioso.

A segunda pol-a observación esperimental directa sobr'a terra mesma dos fenómenos físicos, químicos, biolóxicos, psicolóxicos e sociais, das formas xeométricas, das mensuras e dos cálculos, pois os colonos non han ver nos fenómenos da natureza mais que a ciencia realizada e omnipresente.

A terceira pol-o estreitamento dos vencellos sociais que se cría na íntima convivencia e axuda mutua dos colonos en loita co-a natureza ceiba.

Artículo 2.º A dirección e goberno da Colonia fica encomendada a un Director-técnico especializado nas dispriciñas pedagóxicas, o qual estará asistido d'un Sub-director económico, especializado na ciencia das finanzas, e mais d'un Asesor Médico.

Artículo 3.º Enantes de porse en camiño a Colonia, cada un dos Señores e Señoras qu'a compoñen, sufrirá un delido exame médico-pedagógico, co resultado do qual encherase unha folla que levará os seguintes extremos:

a) Talla, peso, perímetro torácico e de-

mais mensuras antropométricas, das que sacárase o índice de robustez.

b) Capacidad respiratoria, apreciada pol-o espirómetro.

c) Forza muscular, apreciada pol-o dinamómetro.

d) Tanto por cento de hemoglobina, apreciado por análise química.

e) Ritmo cardíaco.

f) Agudeza dos sentidos esternos.

g) Capacidade d'atención, d'asociación d'ideias, índice de fatiga e demais probas mentais, verificadas mediante os tests de Binet.

Á volta repetirase pra cada un o ensame do mesmo xeito, pra poder apreciar os progresos obtidos na estada en Abrantes.

Artículo 4.º O réxime alimenticio da Colonia será, salvo excepción decretada pol-o Asesor médico, o vexetariano, dando de cole preferenza ós produtos centífecamente elaborados, principalmente ó caldo de cereas e ó pan integral. A bebida será únicamente auga fervida e aireada, podéndolle engaderir litinoides en cantidade moderada.

Artículo 5.º As habitacións qu'haxan d'ocupar os Sres. Colonos, han ser previamente e minuciosamente desinfectadas, caleadas e pintadas, baixo a dirección do Asesor-médico, pr'o qual, quince días antes, mandarase á futura residencia da Colonia a estufa de desinfección, e as cantidades precisas d'ácido bórico, zotal e solución de bicloruro de mercurio.

Durante a estada dos Colonos, as habitacións han ser mantidas n-un perfecto estado d'asepsia, sen que se permitan n-elas alfombras, cortinaxes nin outra cousa que poida en si aloxar e dar achego a bacterias, microorganismos e toda caste de xermes patóxicos.

Artículo 6.º A vida dos Colonos han ser a seguinte:

As sete da mañá: cinco minutos de ximasia sueca, con flexións das extremidades torácicas e abdominais, ducha e almorzo.

As oito e trinta paselo istrutivo.

Às once e trinta, baño en común, no río, con exercicios de natación. Ó saír, masaxe e fricción con toalla seca.

Às doce, descanso.

Às doce e corenta e cinco, xantar.

Às trece e trinta, os plétóricos deben pasear na casa; os asténicos deben estar deitados sen durmiren deic'as catorce e trinta.

Às catorce e trinta, xuntanza e recreo.

Às dazasete, xuntanza istrutiva ou excursión.

Às vinte, cea.

Às vinte e unha, xuntanza istrutiva.

Às vinte e tres, cinco minutos de xinasia sueca, dous minutos de fricción c'unha toalla seca e deitarse.

Artículo 7.º As excursiós faránse nos días e nas circunstancias que determiñe o Director, previa consulta do Asesor-médico.

Artículo 8.º Os colonos precurarán manter sempre un ánimo alegre e divertido sen elaxeración, axudando cada un ós demais pra elo, por meio de chistes cultos e ocurrencias inxeniosas, problemas fáciles, xogos de prendas ou de mans, fábulas, charadas, logogrifos e demais esparcamentos honestos.

Artículo 9.º A Colonia sostérase co'as subvencións que lle sean concedidas pol-a Excelentísima Diputación provincial, pol-o ilustre concello de Oria, e mais pol-a Caixa do Ateneo.

Artículo 10. Redautarase unha Memoria da Colonia, que será publicada pol-o Ateneo, e repartida antr'as Autoridades e os socios.

VIII

PREPARATIVOS

Como todol-os serans a cotío, había dez anos, o Sr. D. Felisindo Gómez púxose o chapeu brando negro, pillou o caxato d'ebano con cayada de prata e foi en procura de D. Feliciano Folgoso, pra iren os dous pé ante pé ó Ateneo. Chamou, e a porta aberta, D. Felisindo sen quilar o chapeu, encamiñouse pr'o despacho do seu amigo. Non estaba. Don Felisindo deu volta e foise pr'o comedor. Pol-a porta entornada, enxergou un cadro insólito: Don Feliciano en mangas de camisa, estaba debrozado riba da mesa, pernas e brazos no ar e imitaba compasadamente os movementos d'unha rã...

Sen descomporse, Don Felisindo empuxou a porta. Don Feliciano vëndose collido, brincou con estrépito da mesa embaixo e correu a pillar-a chaqueta.

-E logo, adicase á xinasia sueca? - Perguntou Don Felisindo coma si nada.

Don Feliciano achábase confuso com'unha doncela collida en camisa.

-Crarol - dixo pódose colorado - lle non dixerá nada... mais... queríalle dar unha sorpresa... Non é xinasia.

-Pois si non é xinasia, me non esprico o qu'estaba facendo.

Don Feliciano púxose confidencial:

-Amigo Gómez, Vde. sabe o qu'imos fa-guer en Abrantes? Vde. sabe qu'aló en Abrantes, teremos que nadar?

-Home, eso din.

-Ben, e Vde. sabe nadar?

-Non señor.

-Pois eu... estou deprendendo.

-Vamos - comentou Don Felisindo pensatibre - xa cayo. Vde. está deprendendo a nadar en seco.

-Hai que principiar por ahí! - reprimou don Feliciano botando lume - eu deprendo a nadar por un método centífeco, rigurosamente centífeco, non empireco, e si nono cree vaino ver.

E collzu un libro e púxollo diante do nariz.

Na cobera decía: *C. de Joergensen, Tratado teórico-práctico de natación*. A portada liña un atleta en traxe de baño. Don Felisindo, bibriófilo esperimentado, foi aixinha en procura do índice. Iste principiaba:

Prólogo do autor.

Prólogo da edición sueca.

Prólogo da edición francesa.

Introdución - Cap. I - Razón do plan.

Cap. II - Ouxeto e fin da natación.

Cap. III - A natación coma ciencia e coma arte.

Cap. IV - Relaciós da natación co'as demais ciencias.

Cap. V - Bibliografía da natación.

Breve reseña histórica da natación

Cap. I - A natación nos tempos primitivos.

Cap. II - A natación nos pobos d'Oriente.

Cap. III - A natación en Grecia.

Cap. IV - A natación en Roma...

Ó chegar eiquí xa estaba convencido don

Felisindo de qu'a natación constituía unha das ramas mais importantes da ciencia moderna, e don Feliciano sorría satisfeito.

- De certo qu' é cousa curiosa - afirmou don Felisindo.

- Pois mire, mire a bibliografía - respondeu o outro.

Abondou que vise o número de obras doutrinas en alemán que citaba o autor. Non collía dúbida; ningún home culto tiña dereito a ignorar unha ciencia xa constituída e sistematizada com'a natación.

- Está ben - concluíu Don Felisindo quitando os anteollos - agora xa me pode dicir como se aprende a nadar.

- Ben - otorgou compracente Don Feliciano - mais tenme que prometer non dicir nada a ningún, nin dentro nin fora do Ateneo, nin xiquera ós expedicionarios. Bó é que vos tede o sepa, mais tén que quedar antr'os dous. Nos chegamos alá, e nadamos coma todos, sin que ningún teña necesida de saber coma deprendimos. Conque, si vos tede quer, principiamos xa. Dende mañá, ven Vde. eiquí algo mais cedo, e podemos faguer algo enantes d'ir pr'o Ateneo.

- Ben, direille - respondeu Don Felisindo conque de todo - eu na y-auga non me meto por mor da reuma; mais fora d'ela, non está demais o aprender a nadar, inda que non sexa mais que por precaución, pra un caso d'apuro. Ninguén está libre de precisar calquera día certos coñecementos de natación. Aceito e agradezo a idea de Vde., así que, cando queira.

- Primeiro teño que l'explicar o que é a *flotabilidade* e as súas condicións, e logo podemos ascomenzar os exercicios de *propulsión*.

E Don Feliciano, abrindo o tratado, emprincipiou a explicar ó seu amigo as figuras.

Dend'aquela os dous amigos xuntábanse a cotío unha hora antes, e apoyando a barriga cada un n-un tabolete *ad hoc* que mandaran facer, es; eraxaban en catro tempos, con pernas e brazos, asegún as regras estritas do doutor Joergesen.

- Un, dous, tres, catro - repetían a unha.

Estaban deprendendo a *brazo de peito*.

- O autor tén razón - aseguraba Don Feliciano - non pode chegar a nadar ben mais qu'o que aprende a nadar en seco, porqu'il

somentes executa os movementos matemáticamente precisos, namentras qu'os rapaces qu'adeprenden no río, empíricamente, sen coñecencia dos músculos que teñen que pôr en xogo, sen saberen aproveitar centificamente o esforzo dos *propulsores utilizábeles*, as estremidás torácicas e abdominás, adquiren unha chea de vicios e hábitos rutinarios que lles poden ser fatales. Desengáñese, Felisindo, a nosa é a natación racional, a úneca.

Don Felisindo estaba xa tan tolo coa natación, que chegaba á casa, e il soilo botábase no asento d'unha cadeira e púñase a prautical-a braza de peito. Cando se dirixía en silencio con don Feliciano ó Ateneo, iba repasando pol-o baixo os preceitos de Joergesen:

1.º tempo Posición inicial (figura 14). Os brazos e as pernas encollidós. As palmas das mans xuntas. Os calcaños xuntos á outura do corpo.

2.º tempo (fig. 15). Estensión dos brazos sen arredar-as mans. Estensión das pernas que deben ficar arredadas.

3.º tempo (fig. 16). *Tempo útil*. As mans en posición inversa, xuntas pol-o rivés, etc.

Á braza de peito socedeu a de lombo, a ésta o *over* e o *dobre over*, e logo o *trudgeon* e o *crawl*. Un día, cando chegou D. Felisindo, don Feliciano folleab'un catálogo de cousas de sport.

- Iso que é, Folgoso?

- Nada. É un catálogo d'unha casa de Barcelona. Estou vendo a ver si traí uns cintos de natación de que me falaron.

- Logo Vde. insiste no seu propósito de botarse á y-auga.

- E Vde., non?

- Home, a min non mo permite a reuma, xa o sabe. De boa gana o faría, non crea. Mais así e todo, aínda non levamos un mes d'enselos... É millor qu'o deixara pr'Abrantes.

- Alá, diante de todos, vou nadar con cinto!

- berrou Don Feliciano indinado - Nada, nada, si Vde. non quer, alá Vde. Eu nono obrigo. O que é eu, en canto teña o cinto, alá vou.

Don Felisindo sinteu a súa inferioridade, e calou.

Chegou o cinto de corcho, de fábrica francesa, modelo derradeiro. Era por fis do mayo e a calor apertaba. De que remataran os ensaimes, tiñase qu'emprincipiar a orgalzar-a expedición; non había tempo que bolar de perda.

Un serán, Don Feliciano fixo un paquete co cinto, o taparrabos e unha sabán, meteu o Joegersen na man de Don Felisindo, e foron pra un lugar silandello do río.

Debaixo dos árbores, ispiuse Don Feliciano. Don Felisindo ollábao con envexa.

- Agora - dixo o nadador - , eu bótome ó río, asína, com'indica a figura 83, e logo, vostede vaimos lendo os distintos tempos da braza de peito. Comenza na páxina 191.

Púxose nas puntas dos pés, botouse elegantemente á y-auga, e desapareceu baixo das ondas. D. Felisindo emocionado contivo o alento... Il volvería? As tempos de D. Felisindo bañan con forza. Con man tremente, buscaba no Joegersen a páxina indicada... Ó cabo d'un pedazo, reapareceu Don Feliciano cos cabelos apagados na calva reluciente de mollada.

- Non vé, Gómez, que ben se flota?... Si non hai medo!... Agora, lea.

Don Felisindo principiou:

- «O corpo completamente horizontal... Asína... Agora, 1.º tempo. Posición inicial. Figura 14... Os brazos e as pernas encollidas...»

Don Feliciano emprincipiou a bater furiosamente co'as mans arredándose da orela.

- Qué fai Vde., desgraciado? - berrou don Felisindo erguendo o libro - Coidado! Non precipite a cadencia! Movimentos pausados! Se non me deixa ler Vde!

Non había remédeo; a corrente levaba a don Feliciano que berraba con desespero e perneaba furiosamente.

- Auxilios qu'afogo!... Auxilios qu'afogo!

Don Felisindo principiou a correr pra riba e pra baixo com'un tolo.

- Auxilios! Auxilios!

Perdera o chapeu, o bastón, ata o tratado... Por fin abesullou alá lonxe uns nadadores empíricos e foixe a escape cara eles:

- Acudan! Acudan! Qué s'afoga.

Don Feliciano aboyaba alá, no meio do río, e os seus laios eran desgarrados.

Por fin os nadadores empíricos botáronse á y-auga, e sacárono con traballo. Antre tres, izárono á orela. Don Felisindo acudeu coa sabán botando ó seu amigo olladas feroces:

- Qué loucura! - berraba cheo de carraxe - Qué loucura!

Don Feliciano valeirábase com'un pelexo; tragara mais de vinte netos d'auga. Non podía falar. Batérono, fregárono, enxugárono. Por fin atopouse vestido, reacionado, sentado n-un penedo a carón de Don Felisindo que lle collía as mans pra confortalo.

- Foi bó susto! Foi bó susto! Agora depren-deria vostede!

Don Feliciano tateaba aterrado e arrepen-tido:

- Por... Por Dios... a... amigo Gómez... de... de... de esto, nin... unha ver... ba no... no Ateneo...

- Ninguén ha saber nada - asegurou solem-nemente Don Felisindo - palabra de home honrado!

E levou o amigo pr'a casa pra que se dei-tara.

Xa na cama e ben amantado, Don Feliciano preguntou cheo de medo:

- Gómez .. vostede trouxo o Joegersen?... Non se perdería?

(Continuaráse)

VICENTE RISCO

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA

P O R

R a m ó n O t e r o P e d r a y o

Papeletas pra un inventario das mámoas galegas

(Proseguimento)

Papeleta n. 18 - Val de Salnés.

Bibliografía: P. Sarmiento, Manuscrito, da A. de la Historia.

Pol-o tempo en que vivía o P. Sarmiento, existían en Simís, á beira do mosteiro de Salnés unhas ó xeito de caixas, formadas por pedras postas en circo e carezadas pra dentro. I-esceivando no meio de elas alcontrábanse olas de barro que contiñan cinzas.

Papeleta n. 19 - Bisbarra de Muros e Val do Xallas.

Bibliografía: Barros Sibel, *Antigüedades de Galicia*, páx., 78. L. de Saralegui, *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, páx., 276. Manuel Murguía, *Historia de Galicia*, vol., I, páxs., 604, 617, 620 e 621. Artaza y Malvárez, *Recuerdos de la M. N. M. H. villa de Muros*, Santiago, 1910. M. de Saralegui, *Los Monumentos megalíticos en España*, páxs., 92, 98. H. Obermaier, *Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia*, páx., II. Cirilaco Pérez Bustamante, *Los dolmenes de Dombate y de la Gándara*, páx., 45.

Hai dolmenes ou mámoas nos seguintes lugares de istas bisbarras: Perto de Muros, en San Antolín de Bañas, perto de Ponte Oliveira, no monte Corzán, en Meaos i-en Brandoñas.

A xusgar pol-as descripcions, deixadas por Murguía, algúns dos moimentos de istas estacions son dolmens de corredor, sendo posibre que cutros sexan verdadeiras cistas.

É merecente de especial menzón, o dolmen de Espiñaredo, con esteios gravurados con sinos que cicats teñan relación co culto do machado (P. Bustamante).

Papeleta n. 20 - Bisbarras de Laxe e Corme.

Bibliografía: Barros Sibel, *Antigüedades...*

op., cit., páx., 75. Spencer Dodgson. Artigos publicados na *Voz de Galicia*, do 10 de Abril de 1911, e na *Integridad*, de Tuy, do 6 de Abril do mesmo ano (unha nota en col de istes traballos viu a luz no B. de la R. Academia de la Historia, vol., LVIII, 1911, páx., 408) Manuel Murguía, *H. de Galicia*, vol., I, páx., 615. M. de Saralegui, *Los Monumentos...* op., cit., C. Pérez Bustamante, *Los dolmenes...* op., cit.

O millor conecido de ista estazón é o dolmen de Dombate, ben estudado e publicado por Bustamante. Son notabres as gravuras que ostenta e tamén os buratos abertos n-algúns dos esteios de aquí dolmen e do da Gándara.

Non lonxe das mámoas houbo intresantes lasculturas rupestres hoxe destruídas.

Papeleta n. 21 - Bisbarra de Melide.

Bibliografía: E. Alvarez Carballido, *Protohistoria*, B. de la R. Academia Gallega, n. IX, 1907 e n. 12 do mesmo ano. Alfredo Alvarez Carballido, *Mámoas, Una de la época romana*, B. de la R. Academia Gallega, n., 131. F. Bouza Brey *Depósito inédito dos primeiros tempos do Bronce*, B. de la R. Academia Gallega, n., 187, 1926.

Téñense sinalado n-ista bisbarra, que prehistóricamente considerada é unha das mais intresantes da Galiza, moitidume de mámoas, menzoándose coma pertencentes o axuar de algunhas de elas, machados de pedra, facos de pedernela e armas de bronce ou cobre. Fallan disgrazadamente precisos esaltas en col da cras de sepulturas e das condicoas dos achádegos.

Papeleta n. 22 - Monte de Saa, Parga.

Bibliografía: Pérez Bustamante, *Los dolmenes...* op., cit., páx., 33.

Utilizando datos que lle foron fornecidos por Anxel del Castillo, publicou Bustamante a planta de un dolmen que ofrece a particularidade de ter a tampa tallada a xeito pra adaptarse esoiamente as pedras da cámara, que é de forma alongada.


Papeleta n. 23 - Bisbarra de Villalba.

Bibliografía: Villaamil y Castro, *Castros y mámoas de Galicia*, Museo Español de Antigüedades, vol. VII, páx., 52. Amor Meilán,

Historia de la provincia de Lugo, 1918, vol. I, páx., 49. C. Pérez Bustamante, *Los dolmenes...*, op., cit., páx. 33 e 34.

Villaamil da conta da presenza de mámoas nas freguesías de Santa Olaya de Rivaseco e de San Román, moi perto do camiño que vai á feira da Virxe do Monte.

Bustamante fala de un dólmen situado na Pena de Rodís, chamado o Forno da Arqueta, que é poligonal e ten 3 metros de longo, e do achadego de un machado de cobre feito n-unha mámoa de Samarugo.



Papeleta n. 24 - Montañas do sul de Valadouro.

Bibliografía - Vilanova y Rada, *Geología y prehistoria ibéricas*, páx., 505. Villaamil y Castro, *Antigüedades prehistóricas...*, op., cit., páx., 58.

Amor Meilán, *Historia de la provincia...*, op., cit., páx., 52. H. Obermaier, *Impresiones...*, op., cit., páx., 11.

Villaamil publicou a pranta das cámaras se-

pulcraes de Vilacampa e Recaré que son indudables cistas megalíticas. As de Sinás e Padorno, o ser rexistradas pol-os buscadores de tesouros, parece ser que lles forneceron algunhas xoias aureas.

Papeleta n. 25 - Bisbarra ralaña dos concellos de Castro de Rei e Pastoriza.

Bibliografía: Villaamil y Castro, *Castros y mámoas...*, op., cit., Amor Meilán, *Historia de la provincia...*, op., cit., páx., 59.

As mámoas a que se fai referencia atópanse nunha chá augacenta, por onde vai o camiño vello de Lugo a Mondoñedo, entre os lugares de Outeiro e Regueiro.

Papeleta n. 26 - Valedouro.

Bibliografía: A mesma da papeleta anterior.

Sinálase a presenza de mámoas nas grandes de Ouro e de Mouride.

Papeleta n. 27 - Outeiro de Rei.

Bibliografía: A mesma do número 25.

As mámoas de referencia áchanse ó nordeste de Outeiro de Rei, entre os lugares de Santa Mariña, Motelo, San Mamede de Baxa e Silvarrel.

Papeleta n. 28 - Mondoñedo.

Bibliografía: Vicetto, *Historia de Galicia*, vol. I, páx., 76. Villaamil y Castro, *Antigüedades prehistóricas...* op., cit., páx., 10. Amor Meilán, *Historia de provincia...* op., cit., páx., 54.

Vicetto fala de un dolmen situado entre Adelan e Ferreira, decindo que era tanto o seu grandor que baixo de el podíanse acochar 50 persoas. Villaamil coida que se trata de un sinxelo fenómeno natural.

E posíbre en troques que o cromlech do monte das Fachas, que xurde no meio de unha morea de terra, deixando entre as pedras un espazo de 2'50 x 2'90 metros, sexa un verdadeiro dolmen.

Papeleta n. 29 - Concello de Becerreá

Bibliografía: Vicetto, *Historia de Galicia*, volume I, páx., 54. Amor Meilán, *Historia de la provincia...* op., cit., páx., 54.

Hai mámoas dolménicas en Ousán, San Pedro de Vilachá e San Xohan de Furco.

Papeleta n. 30 - Concello de Lugo.

Bibliografía: Amor Meilán *Historia de la provincia...* op., cit., páx. 53. F. L. Cuevillas, *Nota encol do mobiliario de algunhas mámoas...* op., cit.

Di Amor Meilán que as freguesías rurais do concello lugués son moi abondosas en mámoas, contando algunhas de elas con máis de vinte.

Nas da terra de Pingos fixo esporazóns Díaz Sanxurxo, tendo recollido, dous machados de pedra, restos de cerámica campaniforme e dous anacos de unha fermosa pulseira, feita en esquisto mouro. Iste material alcóntrese no Museo de Ourense.

Papeleta n. 31 - Montes do val de Lemos.

Bibliografía: Amor Meilán, *Historia de la provincia...* op., cit., páx., 53.

Di que asegún lle comunicou Arlas Sanxurxo, existen na terra de Lemos, moitas mámoas algunhas de grandor considerable.

Nós podemos ollar, calro, na Serra da Morá, a esquerda da estrada que vai de Monforte o Esqueirón. Eran de grandor corrente e non parecían moi remexidas.

Papeleta n. 33 - Pontes de García Rodríguez e Serra Faladora

Bibliografía: L. de Saralegui, *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, páxs., 278 e 279. F. Maciñeira, *Investigaciones prehistóricas en Galicia*. La Ilustración Artística, números 684 e 685, 1895, páxs., 126 e 174. M. Murguía, *Historia de Galicia*, vol. I, páxs., 624 - 625. F. Maciñeira, *Ejemplares gallegos y portugueses de la escritura hemisférica*, B. de la R. Academia de la Historia, vol., XL, 1902. S. de la Iglesia, *Catálogo de Prehistoria*, Almanaque Ferrolano para 1907. F. Maciñeira, Arros, B. de la R. Academia Gallega, números 42 e 43, 1911, páxs., 131 e 150. M. de Saralegui, *Los monumentos megalíticos en España*, páxs., 63 e 64. F. Maciñeira, *Relaciones marítimas entre el Norte de Galicia y las Islas Británicas en tiempos prehistóricos* B. de la R. Academia Gallega, 1924 números 161 e 162.

Forman estazóns de istas bisbarras unhas 300 mámoas, que en parte foron esporadas por Federico Maciñeira e Santiago de la Iglesia.

Atopáronse, dolmens sinxelos, outros co comenzo de corredor e algunhas, o parecer, verdadeiras cistas coma a que se describe: «un

arca a sepultura rectangular de losas pizarreas e derradeiramente atopáronse tamen, túmulos sen cámaras que se asoellou moblaría dos primeiros tempos do bronce.

Os ajueres funerarios descubertos, consistían en machados e mazas de pedra, espadas e puntas de saxeta de cobre, unha diadema de ouro. Cítase tamén o achádego de un torques.

Conócese a pranta de un dolmen con comenzo de corredor que foi publicada por L. de Saralegui.

Papeleta n. 33

Novelua - Monterroso

Bibliografía: Amor Meilán, *Historia de la provincia...* op., cit., páx., 11.

Dí que según lle comunicou o inxenheiro de Camiños D. Delfín Fernández Vega, ó desfacer os piós que abrían unha estrada, unha mámoa atoparon a mais dos estezos de un dolmen, un machado de pedra e unha faca tamén de pedra que se alcon

ción del hierro en Galicia, B. de la R. Academia Gallega, n.º 37. 1910, páx., 2. Amor Meilán, *Historia de la provincia...* op., cit., vol., I, páxina, 53.



Sinalan a presenza de mámoas no lugar devandito.

Papeleta n. 35 - Bisbarra de Chantada.

Bibliografía: Amor Meilán, *Historia de la provincia...* op., cit., páxina, 53.

Non precisa o lugar escrito onde se asentan as mámoas. Unha referencia análoga alcóntase nos procesos do Licdo. Vázquez de Orzas.

Papeleta n. 36 Penamaor e Serra de Costantín.


Bibliografía: Correa Calderón, *Los Estudios históricos en Galicia*, El Sol, Madrid. 14 de Outubro de 1926.

Fala do dólmen de Vilonta en Penamaor e de outras tres mámoas, dol-

ménica unha de elas pol-o menos, que se ollan na serra de Costantín, en Neira de Xusá.

Papeleta n. 37 - Castro de Salgueiros.

Bibliografía: A mesma que a da pta. anterior



ira en poder da C. de Monumentos, de Lugo.

Papeleta n. 34 - Ligonde, Palas de Rei.

Bibliografía: Eduardo Álvarez Carballido, *Das palabras acerca de la primitiva extrac-*

O Sr. Fernández Vega indicou a Amor Meilán a existencia de mámoas no Castro de Salgueiros, lugar da provincia de Lugo, cula situación non podemos precisar.

Papeleta n. 38 - Monte Lousado.

Bibliografía: M. Murguía, *Historia de Galicia*, vol., I, páx. 612.

Cita un dólmen, o parecer con corredor, asentado no monte Lousado, sen acompañar outras precisións xeográficas.

Papeleta n. 39 - Monte Arnau - Estrada.

Bibliografía: op., e vol., cit., na papeleta anterior, páx., 613.

Existe no monte Arnau unha mámoa con dólmen.

Papeleta n. 40 - Liñoia - Negreira.

Bibliografía: op., e loc., cit., na papeleta anterior.

Precisase saber a situación de un dólmen, situado en Liñoia o S. W. da vila de Negreira e moi perto de ela.

Papeleta n. 41 - Bisbarra da Arzúa.

Bibliografía: L. de Saralegui, *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, páx., 276. Manuel Murguía, *Historia de Galicia* vol., I. Alfredo

Alvarez Carballido, *Mámoas. Una de la época romana* op., cit. H. Obermaier, *Impresiones...* op., cit., páx., 11.

Sinalanse mámoas no monte Gonzar, no monte Bocelo, en Toques i-en Sobrado.

Papeleta n. 42 - Fades - Ordenes.

Bibliografía: H. Obermaier, op., e loc., cit. Descríbe e reproduce en fotograbado o dólmen de Cabaleiros, que ten cámara sinxela.

Papeleta n. 43 - Arxesid - Sárria.

Bibliografía: Rodríguez Gallego, nota tidaa da *Galiza prehistórica*, que viu a luz na sección de Noticias do B. de la R. Academia de la Historia, vol., XLVII, 1905, páx., 406.

Dá novas da existencia de moitas mámoas, que il coída intaitas, nas olas do sul do monte chamado Santa Crara, que está ô abrente do lugar de Arxesid, freguesía de San Salvador de César, á esquerda do río Sárria.

Papeleta n. 44 - Monte das Cabras, Lalín.

Bibliografía: H. Obermaier, *Impresiones...* op., cit., C. Pérez Bustamante, *Los dólmenes...* op., cit.

N-unha mámoa situada no lugar devandito, apareceu un machado votivo de mármol que hoxe está en poder de D. Casto Sampedro, de Pontevedra.

F. L. CUEVILLAS



A Man de Santiña: Farsada en dous pasos No Desterro, Da Terra Asoballada, Vento Mareiro Na Noite Estrelecida e O Bendito San Amaro

poesías do poeta da raza RAMÓN CABANILLAS Pedidos a - LAR A CRUÑA



QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

Agora espoñamos o que mira ó asunto presente. Que é o coñecemento? A apreensión da cousa. Que é a apreensión? Adepréndeo ti por ti, pois eu non cho podo meter todo no espírito. Si aínda preguntas, direi que é a intelixión, a perfeición, a intuición. Si aínda preguntas sobre d'íste, calarei. Non podo responder. Nono sei.

Distingue, non embargante, a apreensión da recepción. Pois o can tamén recibe a imaxe do home, da pedra e moitas mais, e mais non coñece. Os nosos ollos reciben as imaxes, mais non coñecen. Moitas veces a y-alma recibe as imaxes e non coñece. Coma cando admite cousas falsas; coma cando se lle presentan escuras a un inxenio tardo.

Distingue tamén o coñecemento propiamente dito, que agora describimos, mais que non coñecemos, d'outro impropiamente chamado así, pol-o cual din que alguén coñece as cousas que xa viu outra vez e que ten na memoria sinaladas con signos propios. É por isto pol-o que din que o neno coñece ó seu pai e irmán, e o can ó dono e a rúa por onde foi.

Divide por fin todo coñecemento en dous. Un é perfecto, aquíl pol-o que a cousa en todas as súas partes, por adentro e por fora, s'ensamina y-entende. E esta é a ciencia na que queremos avir a todol-os homes; mais ela non quer. Hai outro imperfecto pol-o que a cousa s'adeprinde de calquera xeito, de calquera forma. Iste coñecemento éaos familiar. Así e todo é mais ou menos, mais claro ou mais escuro, e por fin repartido en grados, asegún os varios talentos dos homes.

Iles fan o coñecemento dobre. Un eterno que s'obten pol-os sentidos, a que chaman sensibre. Outro íntimo que s'obten soílo pol-o entendemento, mais nada menos. Estas cousas han ser consideradas d'outra forma. Un é o ser que coñece o home. Un ha ser o coñecemento en todos. Pois é o mesmo entendemento o que coñece as cousas externas e as internas. Os sentidos nada coñecen, nada xusgan; úneccamente reciben o que ofrecen ó entendemento pra que iste o coñeza. Do mesmo xeito qu'o alre non vé as coores nin a luz, anque os recibe pra ofrecelos á visión.

Hai tres especies de cousas que son coñecidas de distinto xeito. Unhas son as por compreo externas, e sen ningunha aución do espírito. Outras inteliramente internas, das que unhas existen sen aución do espírito; outras con aución. Outras en parte externas, en parte internas. Ademais, as primeiras apresetanse pol-os sentidos; as segundas de ningún xeito por ístes, senón inmediatamente por si mesmas. As derradeiras, en parte pol-os sentidos, en parte por si mesmas.

Espriquemos esto. A coor, o son, a calor, non poden presentarse por si mesmos ó espírito pra qu'iste os coñeza, sinon que imprimen a súa imaxe (acéntamos qu'a sensación false pol-a recepción das imaxes) no órgao auto pra recibilas, esa maza ou outra semellante ofécese ó entendemento pra qu'il a coñeza, ou por medio d'ela coñeza a cousa da que é imaxe. As cousas que son feitas pol-o mesmo entendemento das qu'il é pai, e qu'están dentro de nós; non por outras especies senon que se

reproducen de seu e s'amostran ó entendemento.

Tales son moitas cousas qu'il mesmo inventa: coma cando con moitos discursos escolfa e coneuve algo novo; e cando il mesmo entende a sua propia inteleición; e cando fai coneuviós, divisiós, comparanzas, padricaciós e nociós, e dirixindo sobre elas o espírito, coñéceas por si mesmo.

Do segundo xénero son todas as cousas internas, coma o entendemento mesmo, as que se fan ou existen sen o seu concurso, como a vontade, a memoria, o apetito, a ira, o medo, e as demais pasiós, calquera outra que sexa interna que pol-o mesmo entendemento se coñece inmediatamente por si mesmo.

Hai por fin moitas cousas que en parte chegan ó entendemento pol-os sentidos, e en parte fanse por il. A natureza do can, e do imán, de ningún xeito pode ser comprendida pol-os sentidos. As cousas revestidas de cor, de grandeza, de figura, son levadas ó espírito pol-os sentidos. Iste despóxaas dos accidentes. Considera, ensamina e compara o que queda e pol-o derradeiro inventa pra si coma pode unha certa natureza común. (1)

(1) Considerámonos d'importancia iste pasaxe de Sánchez, por que é onde ceceis mais s'achega á mais coñecida exposición da doutrina dos nominalistas e conceitualistas da Idade Media por unha banda, e da crítica de Kant e os seus derivados positivistas coma Mach, pol-a outra. Elquí Sánchez espón claramente qu'o entendemento compón ó seu xeito cos datos que lle veñen dos sentidos, ergaiza a materia sensible de certa maneira, que pode non ser coma está ergaizada na realidade exterior, pra poder coñecela. O varío —coma dñ certos neokantianos— unificado na conciencia mediante «leantos aperci-

lles filósofos dñ que no ceo hai intelixencias. Eu escoito o que dñ, mais nono entendo. Anque maxino algo que me leve á intelixencia d'eso. O aire perciboo pol-o tanto, mais ningunha imaxe d'il ten o meu espírito; senon unha certá imaxe qu'eu finxín d'un case incorpóreo, que non sei o que é. Do mesmo xeito maxino o que sexa o valeiro. Comprendo o infinito com'o que non ten fin; mais descanso forzado n'iste pensamento, pensando que é infinito o que aumentándoo deica o infinito e maxinándoo deica o infinito, endexamais rematarei a sua apprehensión.

Así finxo unha imaxe acabada, mais non rematada nin perfeccionada en ningún dos seus cabos, senón que é defeituosa coma esta noción que nin está rematada nin ten remate, porque a ela pódense engader partes infinitas a un e outro cabo, durante a eternidade. Qué farás? A nosa condición é desditada. No medio da luz estamos cegos; moitas veces pensei na luz, sempre a deixei non reflexionada, descoñecida, incomprendida. O mesmo sucede si contempras a vontade, o entendemento e as demais cousas que non son percibidas pol-os sentidos.

(Continuaráse)

piantes (espazo-tempo, categorías, ideas trascendentes) dados á priori. D'elquí saen por unha beira os idealistas qu'o espírito ergaiza o mundo (o caos) e por outra banda, os positivistas, con Mach por exemplo, que non hai outra ouxetividade qu'a qu'está nos sentidos, o percibido. Tamponco o pragmatismo vai mais alá d'esta concepción. Cáxeque todos os seguidores, mais ou menos declarados do criticismo kantiano, veñen esprical-o proceso, en síntese, así e coma o espón Sánchez n'ista pasaxe. Bergson en troques superou a dificultade en certo xeito (Nota da R.)

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza

O lobo y-a ovella

No tempo que había lobos e cando os lobos y-as ovellas falaban, andaba unha ovella y-on año no monte, pois xa había dous días que non saían e tiñan moita fame, e entón díxolle o fillo á nai:

- Ai nai, vámonos, que vai vir o lobo e cómenos.

- Pacica, fillo, pacica, que mañá choverá ou nevará, ou sabe Dios o que fará.

Pesado un pouco, volveulle dicir o fillo:

- Ai nai, vámonos.

- Pacica, fillo pacica, que mañá choverá ou nevará, ou sabe Dios o que fará.

E así hasta tres veces. O fin veu o lobo e díxolle:

- Vouvos comer.

- Pois comerás - contestoulle a ovella - pero temos as frebas moi duras y-é millor que vaías aguzar os dentes tras d'aquiles penedos. Y-entón foi y-e namentres o año y-a ovella botáronse a correr e metéronse na corte.

Cando veu o lobo e xa non viu as ovellas, botouse a correr pra ver si as pillaba e por nada nonas pillou á porta da corte y-a ovella co-a presa que levaba, abriu a porta co-a boca e a aña cerrouno co rabo. Entón dixo o lobo de fora:

- Desde que son lobo loban, non che level outra carreira en van!

E contestou a ovella:

- Desde que son vella camuza, non che level outra escarramuza!

E dixo o año:

- Desde que che son año borrego non che level outro medo! (1)

(1) O mesmo en Caldelas, co-a variante:

- Na nai, vámonos:

virá o lobo e comeranos.

- Paciquemos, fillo, paciquemos,

que logo nos iremos.

O lobo, no folk-lore galego, e aínda no europeo (cf. *O Zorro, de Goethe*), é moita veces vítima do engano por parte das bestas, V. R.

As Bruxas e o arrieiro

Era un arrieiro que viña co viño da ribeira, e fíxoselle noite no camiño, e tuvo que pedir pousada n-unha casa onde había duas mulleres y-on home. Descargou o macho n-unha esquina do curral y-así que arreglou todo, foron pr'a cucuña que era terrena e tiña unha gran chaminea.

Desde que cearon, y-o arrieiro con iles, un gran pote de papas, o amo estírouse no escano a dormir y-o arrieiro tamén se acostou pr'ali na parrugueira faguendo que dormía. Elas, desde que lavaron as cuncas e retiraron a mesa, dixeron unha á y-outra:

- O pai dorme y-o arrieiro tamén.

Entón foron e chupáronlle o sangue ó pai, primeiro unha despois a y-outre. Desde que lle chuparon o sangue, untáronse n-un cacho que tiñan escondido n-un burato, e saíron pol-a chaminea. O arrieiro que estivo vendo todo isto, dixo:

- Condanadas! esta noite ides-me traer pol-as carballeiras, pero tamén hei saber onde chegades.

E foi e untouse il tamén no cacho, y-o macho y-albarda y-aguillada que fraguía, e púxose a cabalo do macho y-el saíu pol-a chaminea, pero o macho y-a albarda non puderon saír y-había cada couce dentro que se caía o mudo.

E despois foi a Sevilla, ó campo onde andaban elas beilando arredor do demo que estaba en figura de carneiro e cada volta que daban, beixaban ó carneiro no cú. Entón il faguía o mesmo, pero se habla de beixar, picaba co-a aguillada. Entón o carneiro decíalle:

- Ise que pase e non beixe, que ten a barba moi dura.

Pero il non fíxo caso. Volveron pasar a beixar elas y-el picaba. Entón díxolle o mesmo:

- Ise que pase e non beixe que ten a barba moi dura.

Hasta que o carreiro desapareceu y-elas tiveron que fraguer o home ás costas, porque lle deran pousada. (1)

Recollidos en Loureses e trascritos

por ALFONSO TRIGO

Alumno da Normal d'Ourense.

Conxura (2)

- ¿Qué fas ahí Abrahan?

- Estou mirando pra estes lobos e lobas; cans e cadelas e bichuguillas feras qu'están n'aquel monte sen pastor e sen can.

- Auméntallas Abrahan. cérrallel-os dentes, péchellel-as uñas e mételle o curazón nos ventres pra que d'ela sangre non poidan quitar.

Pol-a gracia de Dios

e da Virxe María

(agora bótase un asubío como pra chamar)

Un padrenuestro

e unha avemaría

Recollido en Lalín de boca d'un vello ceseiro.

CASTELAO

ORACIÓ S

Ao deitarse

Gracias a Dios que me deltei
Con sete ángeles m-encontrei
Tres ós pes, catro a cabeceira
Jesucristo na dianteira

N-esta cama me deltei
Pra durmir e descansar
Se viñer a morte a noite
Y-eu non lle puder falar

(1) C final é unha variante do *Zapateiro de Cangas*, utilizado por Lamas Carvajal, e do cal xa temos recollido outras n-estas páxinas. Os demais detalles do conto son tamén coñecidos: o home que vai velar ás bruxas —a cocho pra s'untaren— o chuctar sangue de cristiano (*vampirismo*, *meigas chuchonias*). A *parragueira* ou *parrameira* sole ser unha sorte de banco de pedra, atrás do fogar, onde poñen os potes, recollen debaixo a borralha, etc. Hai a comparación: *Porco ou sacio como a parrameira*. V. R.

(2) Este curiosísimo conxuro, de feito moi antigo na idea, de pasmosa forza expresiva: «mételle o curazón nas ventres», está encadellado doutras bestas d'asinas, e aseméllase a outros que hai en todos os pobos. Os espertos filan moitos d'estes contra os leós, contra as serpes, etc. V. R.

Recóstome o cravo
Arrimome a Cruz
Y-entrego mi alma
O niño Jesús.

Padre nuestra

Padre nuestro, capuchín,
Dios nos dea bon ensino
Pra nos ir a confesar.
E aos pes de Cristo estar.
Elí están os olivares,
Y-elí os ricos altares;
Elí está unha paloma
Que no bico ten a gloria,
Jesucristo é meu padre
E Santa Rosa mi madre,
San Vicente meu parente
Que me puxo a Cruz na frente
Pra que o demo non me atente
Nin de noite nin de día:
Padre nuestro Ave María.

MANUEL L. ACUÑO

Terra dos Mixtos.

Outra

Jesucristo foi misar
Co-a sua santa soledá,
Levou a San Pedro consigo,
Tamén o Señor San Juan;
Levou aos seus discipulos
A sua mesa a comer pan,
Esta noite discipulos meus
Vos tengo que confesar
Pol-a mañanita cedo
Vos tengo de comulgar
Por pan os daré mi cuerpo
Por vino mi sangre real,
Quén ésta oración dixere
Tres veces o seu acosiar
Tres almiñas ha salvar
La de su padre y su madre
A sua más principal
Anque teñas mais pecados
Que tareas hai en el mar
A la hora de su morte
Todos se han de perdonar

MANUEL L. ACUÑO

Terra dos Mixtos.

Os homes, os feitos as verbas

UNHA UNIVERSIDADE POPULAR E UN ATENEO NA CRUÑA

Por iniciativa de Antón Vilar Ponte ándase reorgaizándose n'esta vila a Universidade Popular baixo a presidencia de Don Anxel del Castillo e vaise á constitución d'un Ateneo centífico, literario e artístico, no que haberá, como é lóxico, unha selección de Estudos galegos.

Tanto a Universidade Popular como o Ateneo eran precisos na Cruña. Aquela para levar vulgarizacións de cultura ó pobo, e este para crear un ambiente intelectual capaz de pór alina nos progresos de orde materialista, de certo considerabres, que se ouservan na urbe herculina.

Non hai hoxe na Hespaña ningunha cibdade da importancia da Cruña que non teña constituído un Ateneo.

E por iso, o feito de que aquela vila se dicida a crealo, parécenos dino de gabanza.

Si a Cruña se decata do que lle convén, o Ateneo seu disfrutará de longa e próspera vida.

DON BERNARDINO MACHADO NA CRUÑA

Desque Don Bernardino Machado áchase na Cruña está sendo ouxeto de moitos agasallos, com'o fora xa denantes en Vigo.

O verabre repúblico portugués, no intre da súa estancia na nosa terra, porá terse decatado — él que é tan culto, tan intelixente, tan agudo — de que na Galiza o sentimento liberal está vivo e latexante e que o amor á irmá Lusitania ten raíces fondeas no noso pobo.

O que o gran patriarca da liberdade portuguesa non quere para a súa patria tan pouco nosoutros querémol-o para a nosa. E como pensa illamén pensámol-a maoría dos galegos.

Don Bernardino Machado atópase moi com-pracido no chan galego. E non seríamos xustos si non loobizásemos sinceramente o

rasgo do alcalde da Cruña, Don Manoel Casás, home de espírito libre, ó nomear en sesión do concello cruñés ó ilustre ex-presidente da República portuguesa, que por mor da dictadura imperante no seu país abandonou este, hóspede de honor la cibdade herculina.

Don Bernardino Machado que visitou a Biblioteca galaico-portuguesa do Consulado da Cruña, prometeu tan axiña como volte a Portugal, enviar algúns bós exempares de libros para a mesma.

LIBROS

LA GUERRA HERMANDINA,
por José Bouzas,
Santiago, 1926

Fúndase iste traballo n-un pleyto ou proceso seguido pol-o Arcebispo de Santiago Xan Tavera contr'o seu antecesor Don Alonso de Fonseca pra faguerlle pagal-os danos do derru-bo das fortalezas da Mitra pol-os irmandiños. Non dí o autore onde, cando nin como se realizou o achádego do dito proceso, nin como chegou ás suas maus. Limitase a tirar dos depoimentos dos testemuñas, cantos datos pode pra engadir ás de Vasco da Ponte, Gándara, Zurita, Pérez del Pulgar, e datos recollidos por López Ferreiro. Iste datos novos compretan moito os que tiñamos e López Ferreiro aproveitara, en asuntos de detalle principalmente, mais non indican unha ollada de conxunto, qu'o autore se non estreve mais que a sopor ate certo punto. E por certo que mais non se pode faguer, e o Sr. Couselo saca todo o partido posibre da materia.

Iste traballo, com'os de Pérez Constanti en *Notas viejas galicianas*, e *Galicia voto en Cortes* de Silva Ferreiro, e outros que se van publicando, son boas contribucións pr'a futura historia de Galiza que, sobre todo na Edade Media e os tempos modernos, está por faguer. En troques, inda que en anacos, pódese dicir qu'a nosa historia antiga está feita.

O defeito que l'atopamos a *guerra herman-dina*, a parte do prurito de castelanización (Gómez Pérez de las Mariñas, etc.), é a pouca craridade que en conxunto presenta a súa espocisión.

V. R.

ALGÚS LIBROS AMERICÁNS

EN EL TEMPLO DE LA NOCHE.

versos de GASTÓN FIGUEIRA,
de Montevideo.

HAI no Uruguay hoxe un intenso movemento literario, do que falan moito as publicacións hespañolas. N-ise movemento, é particularmente intresante pra nós, o que chaman *nativismo*, que é de dúas castas: unha sorte de pintoresquismo ou costumbrismo americanista, nuralista mesmo, menos intresante, e un panteísmo, un amor da terra mais intresante. Non nos estrevemos a clasificar a Gastón Figueira en ningún dos dous, nin tampouco na escola oposta europeísta. O libro está en Bós Aires París, e traí na portada a testa da deusa Isis, e coma colofón unha danzarina do Combodge. Mall-as poesías son d'un inte iso suxetivismo. Gastón Figueira é un poeta da noite e do mundo interior, un mundo interior oscuro e desengano, por iso cádrallle ben as volvoretas mouras do ex-libris. O xeito é simbolista e aristocrático, e o seu panteísmo idealista:

Si la razón entera de vivir
está a veces en un solo momento
de excelsitud suprema...

Gastón Figueira é aínda un namorado da neurose, que si hoxe semella que non se leva, conserva acochado o seu supremo encanto pra todol-os homes de sensibilidade verdadeira.

Angel Miguel Queremel venezolano preséntanos dous libros, undz versos, *El bairo florido*; outro de contos: *El hombre de otra parte*. Queremel é un poeta realmente novo, con todo o neo-Imaxinismo e creacionismo dos novos, sen enfatismos nin grandilogüencia, mais ben con certo prosaísmo aparente. En lugar do ritmo prosódico, o ritmo interior, o ritmo da imaxe. Non por iso dispreta os metros tradicionais, senon qu'os emprega e os emprega ben, ata en sonetos de clásico feitío. E actúa tan ben na expresión da vaguedade, coma n-istes dous versos qu'escollemos:...

Y por tu gran virtud de ojos lejanos,
y tu simplicidad de lindas manos...

Os contos de *El hombre de otra parte* son de xénero sentimental. En caxeque todos hai bágoas, mais ou menos visibres. É aínda n-esto un simbolista, do simbolismo en que ven rematal-a liña do romantismo. Dito está coesto que hai moito de finisecalar nos contos cheos de poesía de Queremel. Contos moitos d'iles vezozolanos, con tipos e almas d'aquela terra, en qu'os eternos sentimentos humanos se manifestan.

PANAL Y FLOR,

por AUGUSTO M. CASAS.

AUGUSTO Maria Casas sigue contribuíndo cos seus versifios á literatura castelán. Vel'eiquí un libro, *Panal y flor*, que non é galego nin por adentro nin por afora. O qu'el, en boa hora vaia dito, non é dicir que non estea ben. Estao. Son versos de sensibilidade e d'amor, xa non tan clásicos no feitío com'os d'*Alma triste*, mais así e todo sinxelos e craros perfectamente intelixibres, anque calquera qu'o oya falar a il, podía pensar que lle non había gustar que lle dixeran qu'os seus versos s'entenden. Por esta vegada nós entendémolos e non pensamos qu'o Augusto Maria Casas vata perdendo co-elo.

Hei nas poesías de *Panal y flor* unha tristura menos romántica, mais soave e mais sentida que nos d'*Alma triste*. Menos romántica no senso falso d'eisaltación sentimental que pra moitos sigue tendo o romantismo. A influencia de Manuel Machado - seu prologador en verso - de Xan Ramón Ximenez, están patentes en *Panal y flor*. E non está mal eso de s'achegar ó mais puro que non hai na poesía hespañola. E tamén é cousa boa eso de prauticar ben, anque se teorice mal. Ó fin o que queda é a obra e non a autocrítica.

S. N.

Non deixe de mercar

COUSAS por CASTELAO

Prezo CATRO pesetas

REVISTAS

BIBLOS. Revista da Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra

TEMOS recibido o volume correspondente ó mes de Xaneiro que é tan interesante com'os anteriores. Pol-o sumario que ofrecemos a continuación ben vos podendes decatar d'elo: «Misceláneas etimolóxicas» por Meyer Luebek. «Sermoes em autos da fé», por Mendes dos Remedios. — «Costumes xudaicos descritos por un converso». — «Notas históricas sobre os ordenados das Lentes da Universidade» por Gonçalves Cerefeira. — «Esboço duma carta regional de Portugal», por Amorín Girao. — «Os reservados da Universidade de Coimbra» por Ernesto Donato. — Varía: «Estatuto da Instrução Universitaria».

Esta revista da Faculdade de Letras de Coimbra fainos pensar no perciso que sería que na Faculdade semella da Universidade galega houbera unha publicación análoga, na que a cultura da nosa terra puidera refrexarse c'o acerto conque os doutores de Coimbra saben refrexal-a sua en «Biblos».

L'AMIC DE LES ARTS.
Gasete de Sitges, any II, num. 10.

Josep Carbonell, J. V. Foix, M. A. Cassanyes, Ramón Planes, Lluís Montanya, Domenec Forment, Sebastián Guasch, qu'agora fan *L'amic de les arts*, faguian outrora *Monitor*, enantes e agora, unha revista de polítecna, arte e literatura, todo elo no mais ergueito senso doutrinal: arte e literatura d'avanguardia, polítecna mais ben conservadora e temperada, aínda no senso nacionalista. N-unha e n-outra cousa, cheos do tradicional *seny*. N-iste número coméntase principalmente a Maurras e o Suprerrealismo. Trai tamén pequenas novas de moito valor.

BULLETÍ DE LA ASSOCIACIÓ CATALANA DE ANTROPOLOGIA ETNOGRAFIA I PREHISTORIA
1923, 2º fascículo.

Traballos intresantes de Mendes Correa, Martínez Santa Olalla, Camil Visiedo, Aranzadi, Bosch Gimpera, Serra Rafols e Rossell Vila.

A seición de bibliografía tan nutrida e coidada coma de cote, destacándose as recensións do libro de T. D. Kendrick, *The Axe Age. A Study in British Prehistory* e de Rhys Carpenter, *The Greek in Spain*.

Particularmente importante pra nós o traballo de Mendes Correa, *A sepultura neolítica do Vale Dos Lagos e os eolitos de Otta*, en que s'ocupa d'un enterramento con indubidabres influencias capsenses procedentes sen dúbida dos cunchás de Mugem. F. L. C.

CÉLTICA. 11-12-27, con fermosos versos do Blanco Amor, un artigo de X. Pardo, un conto do Magariños e outro do Sigüenza, outros traballos, unha boa crítica da *Síntese* do Otero Pedrayo.

BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA, Enero Febrero 1927, bós traballos arqueolóxicos e eruditos, fermosas photos d'orfebrería relixiosa.

BOLETIN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, Febreiro 1927, no que siguen os traballos do número anterior.

A POUCE, de Nadal, 1926, de rexo e puro galeguismo, escrita por Bieito Carballo, Lino Pérez, Clemente López Pasarón, X. Barcala, Xandomar, e outros.

Temos recibido tamén *El despertar Gallego*, Gil Vicente, *Correo de Galicia*, *Vida Escolar*, e outras.

Imprenta LAR. Real, 36 - 1º. A Cruña



DIREITORES

Ginecología e Partos

Cirurgia geral

Especialista na gorxa, nariz e ouvido:

Situado frente á Alameda do Cruzeiro, ten todas as condicións precisas.—Pratícase toda crás d'operacións.—Doado de todos os
adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fondo
con volaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Auxilias, procesos Inflamatorios, reumatismo, eczétera.
Lán para de cuarzo pra sol d'intensidade e ultra-violeta pra tratamento de escrofulosis, reumatismo, alopecias, eczemas, eczétera.
Admítense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cidade en casos d'urxencia.—Poden colaborar en
todas as compañías, previo consentimento dos directores.

B O D E G A S G A L L E G A S P E A R E S E O U R E N S E

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras. Apartado 18--Ourense

[illegible]

F. ROMAN E SACO
DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

O U R E N S E

00

LUIS FÁBREGA

MERQUE VOSTEDE

Drogueria e Farmacia

Plumeiros RAFIUM

Progreso esquina a Luis Espada

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Vêndense en todol-os estabrecimentos do ramo

OURENSE

Andrés Perille - OURENSE

Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTOLOGO

Medicina e Cirurgia da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5-1.º

A CRUÑA

Agas bicarbonatado-sódicas de
M O N D A R I Z



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das
estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Outubro